ATENCIÓN CAMBIO HORARIO

Por axustes nas axendas dos conferenciantes, nos vemos na obriga de modificar os horarios dos relatorios correspondentes á 1ª xornada do XIV Seminario de Historia de Culleredo.

INAUGURACIÓN DO XIV SEMINARIO DE HISTORIA DE CULLEREDO "A HISTORIA CONTADA: NOVELA HISTÓRICA, MEMORIAS, HISTORIA DO ARTE, NO CINE..."

(HOMENAXE A RAMIRO FONTE)

Coa presenza do escritor e alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, de D. Luis Caparrós Esperante, vicerreitor da Universidade da Coruña, entidade colaboradora do Seminario, do concelleiro de cultura de Culleredo D. Celestino Poza Domínguez, o alcalde de Culleredo D. Julio Sacristán de Diego, inaugurará ás 19.30 horas deste xoves 27 a XIV edición do Seminario de Historia de Culleredo que este ano versará sobre "A Historia contada: Novela Histórica, Memorias, Historia do arte, no cine...".

Organizado polo concelleiro de Cultura do Concello de Culleredo, se celebrará no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo os días 27, 28 e 29 de novembro.

Ó Seminario acoden máis de 130 cursillistas, cidadános/as de Culleredo e comarca, así como alumnos/as da universidade coruñesa, xa que ésta concede un crédito de libre configuración pola asistencia.

Na presente edición, mais que abordar un período histórico, pretendemos reflexionar de cómo a historia en xeral, ou os acontecementos históricos en particular, teñen influído ou inspirado aos creadores nas diversas belas artes (pintura, música, Cine). Igualmente, a auxe que ten experimentado nos últimos anos a novela histórica (falando mesmo de "boom" da novela histórica) é motivo de análise para constatar a importancia da literatura á hora de divulgar a historia a grandes públicos, non exento de polémica, pois as veces determinados feitos ou interpretacións son novelados ou mesmo manipulados, pretendéndose facerse parar por reais, confundindo en moitos casos a unha cidadanía non coñecedora en profundidade dos feitos históricos reais.

O programa da xornada inaugural é o seguinte, tendo en conta os cambios producidos:

18.00 h: Recepción dos cursillistas e entrega de documentación.

18.15 h: Inauguración do XIV Seminario de Historia de Culleredo, a cargo de D. Julio Sacristán de Diego, Alcalde de Culleredo, D. José María Barja Pérez, reitor da Universidade da Coruña, D. Abel Caballero Álvarez, alcalde de Vigo e D. Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura do Concello de Culleredo.

18.30 h: Relatorio inaugural: *A Historia na miña obra narrativa*, por D. Abel Caballero Álvarez, alcalde de Vigo e escritor. Presentado por D. Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura do Concello de Culleredo.

19.30 h: *Historia e Pintura*, por D. Xoán Manuel Monterroso Montero, profesor titular da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago. Presentado por Dª Raquel Jabares Fernández, 1ª tenente de alcalde e portavoz do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Culleredo.

Paralelamente ás sesións do Seminario, a Biblioteca "Miguel González Garcés" de O Burgo acollerá unha exposición bibliográfica sobre a novela histórica, dos fondos propios e edita unha guía sobre os mesmos; a librería Arenas de A Coruña, instala un stand de venda de libros de novela histórica.

Culledo, 26 de novembro de 2008.
O concelleiro de Cultura

Asdo.: Celestino Poza Domínguez.